



BOP

LUNS, 5 DE AGOSTO DE 2019

N.º 178

DEPUTACIÓN DE LUGO

boletin@deputacionlugo.org
www.deputacionlugo.gal

Dep. Legal: LU-1-1968

Administración: San Marcos, 8 - 27001 Lugo
Tel.: 982 260 124/25/26 - Fax: 982 260 205

XUNTA DE GALICIA

XEFATURA TERRITORIAL DA CONSELLERÍA DE ECONOMÍA, EMPREGO E INDUSTRIA. DELEGACIÓN TERRITORIAL DE LUGO

Anuncio

Resolución do 24 de xullo de 2019 da Xefatura Territorial de Lugo pola que se concede a autorización administrativa previa e de construción dunha instalación eléctrica no concello de Paradela. (expediente IN407A 2019-30AT)

Visto o expediente para outorgamento da autorización administrativa previa e de construción para a instalación eléctrica que a continuación se describe:

- Solicitante: Unión Fenosa Distribución S.A.
- Domicilio Social: A Batundeira, 2. Velle. Ourense
- Denominación: "CT LUGAR A TELLADA, (27C646) PQ AS CORTES,1 PARADELA"
- Situación: concello de Paradela
- Características técnicas:

Substitución do transformador existente (50 KVA) no CT 27C646 Tellada por outro de 100KVA e relación de transformación de 20.000/400-230V, realizase tamén un foso de recollida de aceite e as ventilacións necesarias.

Cumpridos os trámites ordenados na Lei 24/2013, do 26 de decembro, (BOE núm. 310) do sector eléctrico e no título VII, capítulo II do Real Decreto 1955/2000, do 1 de decembro (BOE nº 310), polo que se regulan as actividades de transporte, distribución, comercialización, subministración e procedementos de autorización de instalacións de enerxía eléctrica, no Real Decreto 337/2014, de 9 de maio, polo que se aproba o regulamento sobre condicións técnicas e garantías de seguridade en instalacións eléctricas de alta tensión e as súas instrucións técnicas complementarias e na Resolución de 19 de febreiro de 2014, da Dirección Xeral de Enerxía e Minas, pola que se aproba o procedemento de autorización administrativa de construción (D.O.G. núm. 54 de 19 de marzo), así como na Lei 5/2017, do 19 de outubro, de fomento da implantación de iniciativas empresariais en Galicia, esta xefatura territorial, de acordo cas competencias que resultan dos Decretos 135/2017 do 28 de decembro, polo que se crea e establece a estrutura orgánica da consellería, y tendo en conta o Decreto 9/2017, de 12 de xaneiro, sobre órganos competentes para autorización de instalacións eléctricas na Comunidade Autónoma de Galicia, **resolve**:

Conceder a autorización administrativa previa e de construción a ditas instalacións, cuxas características se axustarán en tódalas súas partes ás que figuran no seu proxecto e as condicións técnicas e de seguridade establecidas nos regulamentos de aplicación e nos condicionados establecidos polos ministerios, organismos ou corporacións que constan no expediente, independentemente das autorizacións, licencias ou permisos de competencia municipal, provincial ou outros necesarios para a realización das obras das instalacións autorizadas.

O prazo de posta en marcha das instalacións que se autorizan será de doce meses, contados a partir da data da última autorización administrativa necesaria para a súa execución.

Contra esta resolución poderase interpor recurso de alzada ante o conselleiro de Economía, Emprego e Industria no prazo dun mes, a partir do día seguinte o da notificación ou publicación desta resolución; tamén se poderá interpor calquera outro recurso que estime pertinente o seu dereito.

Lugo, 24 de xullo de 2019.- A xefa do Servizo de Coordinación Administrativa e Xestión Económica, por delegación da Xefa Territorial en virtude dos artigos 62.3 e 63.1a) do Decreto 135/2017, do 28 de decembro, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Economía, Emprego e Industria.

R. 2354

CONCELLOS

BARALLA

Anuncio

Aprobado polo Pleno desta Corporación, en sesión de 24 de xullo de 2019 o expediente de modificación de créditos número 12/2019, dentro do vixente presuposto municipal, por importe de 53.300 euros, e dando cumprimento ao establecido nos artigos 169 e 177 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, Real Decreto Lexislativo 2/2004, exponse ao público, polo prazo de quince días hábiles, na Secretaría deste Concello, a fin de que durante o mesmo, que empezará a contar desde o día seguinte ao da inserción do presente edicto no Boletín Oficial da Provincia, poidan formularse as reclamacións que se consideren pertinentes, as cales deberán ser dirixidas ao Sr. Alcalde - Presidente deste Concello.

Baralla, 26 de xullo de 2019.- O Alcalde, Manuel Jesús González Capón.

R. 2355

CERVO

Anuncio

Por Resolución de Alcaldía de data 30 de xullo de 2019, aprobáronse os padróns correspondentes ás mensualidades de xuño de 2019 das liquidacións do prezo público polo servizo de Axuda no Fogar, da Taxa pola prestación do servizo Escola infantil Municipal e da Piscina Municipal así como o correspondente ás ensinanzas especiais en establecementos docentes das entidades locais, escolas deportivas municipais e das cotas do 3º bimestre de Mercado 2019 polo exercicio da venda ambulante no mercado de San Cibrao (Cervo).

Por medio do presente edicto expóñense ao público os padróns, por un prazo de 15 días naturais, a contar dende o seguinte á publicación deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia, a efectos de reclamacións. Contra os mesmos poderase interpoñer o recurso de reposición do artigo 14 do RD lexislativo 2/2004, de 5 de marzo no prazo de un mes dende a publicación deste anuncio.

O prazo de ingreso en período voluntario abarcará dende o do 9 de agosto ao 14 outubro de 2019. Unha vez transcorrido o mesmo sen ter efectuado o pago, este esixirase polo procedemento de constrinximento sobre o patrimonio do debedor.

Formas de pagamento: Mediante domiciliación bancaria ou en calqueira oficina de Abanca, Banco Santander ou BBVA provistos do documento de ingreso que se lles remitirá ou poderán solicitar no Concello.

Cervo, 30 de xullo de 2019. O Alcalde; Alfonso Villares Bermúdez.

R. 2378

O CORGO

Anuncio

O Pleno, en reunión celebrada o día 19 de xullo deste ano, acordou aprobar inicialmente o Plan Municipal de Prevención e Defensa contra incendios forestais.

O citado Plan exponse ao público polo prazo dun mes, a contar dende o día seguinte ao da publicación no Boletín Oficial da Provincia de Lugo, co fin de que as persoas interesadas poidan presentar alegacións, suxerencias e ideas que axuden a mellorar o citado instrumento.

O Corgo, 26 de xullo de 2019.- O alcalde, Felipe Labrada Reija.

R. 2356

LOURENZÁ

Anuncio

CONVOCATORIA E BASES PERSOAL LABORAL TEMPORAL CONCELLO DE LOURENZA. PROGRAMA FOMENTO DO EMPREGO 2019.

Por Resolución da Alcaldía de data 17/07/2019 apróbbase A CONVOCATORIA E AS BASES REGULADORAS DO PROCESO DE SELECCIÓN CONVOCADO PARA A CONTRATACIÓN EN RÉXIME LABORAL TEMPORAL DE: 1 TÉCNICO/A OU INFORMADOR/A DE TURISMO, 1 OFICIAL 1ª ELECTRICIDADE, 1 OFICIAL 1ª DE ALBANERÍA, 1 OFICIAL 1ª DE CARPINTERÍA E UN PEÓN DE LIMPEZA EN XERAL, PARA O CONCELLO DE LOURENZÁ, MEDIANTE O

SISTEMA DE CONCURSO-OPOSICIÓN AO ABEIRO DO PLAN UNICO DE COOPERACIÓN COS CONCELLOS ENTRE O CONCELLO DE LOURENZÁ E A EXCMA. DEPUTACIÓN DE LUGO (PROGRAMA FOMENTO DO EMPREGO 2019)

A convocatoria e as bases aprobadas están publicadas na páxina web da Deputación Provincial de Lugo www.deputacionlugo.org, na páxina Web do Concello de Lourenzá no seguinte enlace www.concellodelourenza.gal, no taboleiro de anuncios do Concello de Lourenzá e a disposición dos interesados nas Oficinas Municipais.

A convocatoria farase mediante presentación das correspondentes ofertas no Servizo Público de Emprego de Galicia.

Lourenzá, 05 de Agosto de 2019.- A Alcaldesa, Rocío López García.

R. 2313

LUGO

Anuncio

A Ilma. Sra. Tenente de Alcaldesa Delegada da Área de Gobernanza: Economía e Recursos Humanos, en virtude de delegación da Xunta de Goberno Local segundo o seu acordo número 28/452, do 17 de xullo de 2019, ditou o Decreto número 19006456, polo que se aproba o padrón de contribuíntes obrigados ó pagamento do Imposto sobre vehículos de tracción mecánica para o ano 2019, e o Decreto número 19006454, polo que se aproba o padrón de Taxas por aproveitamentos especiais da vía pública con entradas de vehículos do exercicio 2019.

Conforme ó disposto no art. 102.3 da Lei Xeral Tributaria e no art. 63 da Ordenanza Fiscal Xeral, os padróns aprobados quedan expostos ó público (no Servizo de Facenda Local, sito no Centro de Servizos Municipais da Ronda da Muralla, 197, 2º andar, en horario de 9:00 a 14:00), durante o prazo de 15 días, contados a partir do día seguinte ó da publicación deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia. Durante o dito prazo, as persoas interesadas poderán examinalos e formular as alegacións ou reclamacións que estimen pertinentes.

No caso da non recepción ou extravío dos recibos, expediranse duplicados nas oficinas de Facenda Local do Centro de Servizos Municipais, sito na Ronda da Muralla, 197, 2º andar, de luns a venres, de 9:00 a 14:00 horas, mediante atención personalizada, debendo os interesados acreditar tal condición, para os efectos de facilitarlles o acceso á información tributaria correspondente, por tratarse de datos protexidos de conformidade co disposto na Lei Orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de Protección de Datos de Carácter Persoal.

Así mesmo, e de conformidade co artigo 223.1 da Lei Xeral Tributaria, poderán interpoñer recurso de reposición ante a Ilma. Tenente de Alcaldesa Delegada da Área no prazo dun mes, que comezará a contar dende o día seguinte ó da finalización do período voluntario de pagamento, sen prexuízo do disposto no art. 63 da Ordenanza Fiscal Xeral. Non obstante, poderán interpoñer calquera outro recurso que consideren oportuno.

Este anuncio ten o carácter de notificación colectiva ó abeiro do art. 102.3 da Lei Xeral Tributaria.

Lugo, 24 de xullo de 2019.

R. 2357

A PASTORIZA

Anuncio

CONVOCATORIA DE EMPREGO

O Excmo. Concello de A Pastoriza por Decreto da Alcaldía de data 10 de xullo de 2019, aprobou a convocatoria e as bases para o seguinte proceso selectivo (Programa Fomento do Emprego 2019-Subvencionado pola Deputación Provincial de Lugo):

- Número e denominación do emprego: 3 empregos de Peón de Obras Públicas (Programa Fomento do Emprego 2019).
- Modalidade de contratación: contrato laboral por obra/servizo por período de 10 meses e como último día de contrato 30 de setembro de 2020.
- Xornada: Completa.
- Soldo bruto: 1.201,00 euros mensuais, incluíndo a parte proporcional de paga extra.
- Funcións: ver bases da convocatoria.
- Prazo de presentación de solicitudes: 5 días hábiles a contar dende o día seguinte ao da publicación do presente anuncio no Boletín Oficial da Provincia de Lugo.

As persoas interesadas teñen a súa disposición as bases deste proceso, nas oficinas e na sede electrónica do Concello da Pastoriza.

No caso de envío de solicitudes por correo ou por calquera dos medios no artigo 16.4 da lei 39/2015, do 1 de outubro, rógase aviso por fax ao 982 33 22 33.

A Pastoriza, 24 de xullo de 2019.- O Alcalde, Primitivo Iglesias Sierra.

R. 2338

QUIROGA

Anuncio

De conformidade co disposto no artigo 13.4 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, aprobado polo Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro e do artigo 75.2 da Lei 7/1985, de 18 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, faise público que o Pleno do Concello de Quiroga na sesión extraordinaria celebrada o día 20.06.2019 acordou, entre outros, os acordos que na súa parte expositiva foron os seguintes:

Desempeñarse en réxime de dedicación exclusiva:

alcaldía	Dedicación	Retribucións Netas
Julio Álvarez Núñez	Exclusiva	2.282,23 €

Esta retribución percibirase en catorce pagas (doce ordinarias e dúas extraordinarias, en xuño e decembro) cos incrementos salariais que marque a lei.

Desempeñarse en réxime de dedicación parcial as seguintes concellerías:

Concellería	Dedicación	Retribucións Netas
Servizos Básico e atención cidadán	20 horas/semana	946,63 €/mes
Deportes e piscinas	30 horas/semana	1.564,15 €/mes

Estas retribucións percibiranse en catorce pagas (doce ordinarias e dúas extraordinarias, en xuño e decembro) cos incrementos salariais que marque a lei.

Quiroga, 20 de xullo de 2019.- O Alcalde, Julio Álvarez Núñez

De conformidade co disposto no artigo 73.3 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das bases do Réxime Local, faise público que o Pleno do Concello de Quiroga na sesión extraordinaria celebrada o día 20.06.2019 acordou, entre outros, os acordos que na súa parte expositiva foron os seguintes:

- 1) Manter as cantidades fixadas no Orzamento Municipal en concepto de dotación económica aos grupos municipais:
 - a) Unha cantidade fixa de 3.000,00 euros anuais por grupo.
 - b) Unha cantidade variable por importe de 180,00 euros mensuais por concelleiro.
- 2) O fin fundamental desta contribución é o funcionamento ordinario dos Grupos Políticos (alugamento de locais, calquera acto de representación institucional, material de oficina, etc.).
- 3) Estas cantidades non poderán destinarse ó pago de remuneracións de persoal de calquera tipo ó servizo da Corporación ou a adquisición de bens que poidan constituír activos fixos de carácter patrimonial.
- 4) Os Grupos políticos deberán levar unha contabilidade específica que poñerán a disposición do Pleno, sempre que o pida.
- 5) Os pagamentos faranse con carácter mensual.

Quiroga, 20 de xullo de 2019.- O Alcalde, Julio Álvarez Núñez

De conformidade co disposto no artigo 75.2 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das bases do Réxime Local e o artigo 13.6 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, aprobado por Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro faise público que o Pleno do Concello de Quiroga na

sesión extraordinaria celebrada o día 20.06.2019 acordou, entre outros, os acordos que na súa parte expositiva foron os seguintes:

1) Fixar as seguintes asignacións por concorrencia efectiva dos concelleiros ás sesións dos órganos colexiados da Corporación dos que formen parte:

Pleno		90,00 euros/sesión
Xunta de Goberno Local		90,00 euros/sesión
Comisións Informativas	Presidente	120,00 euros/sesión
	Demais membros	90,00 euros/sesión
Comisión de Delegados	Presidente	120,00 euros/sesión
	Demais membros	90,00 euros/sesión

2) Manter as cantidades fixadas no Orzamento Municipal en concepto de Dietas e desprazamentos.

Quiroga, 20 de xullo de 2019.- O Alcalde, Julio Álvarez Núñez.

De conformidade co disposto no artigo 38 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, aprobado por Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, faise público que o Pleno do Concello de Quiroga na sesión extraordinaria celebrada o día 20.06.2019 acordou, entre outros, os acordos que na súa parte expositiva foron os seguintes:

Nomear representantes do Concello de Quiroga en órganos colexiados externos dos organismos e institucións que se indican, aos seguintes concelleiros:

Consello Escolar do IES de Quiroga	- Dona Ana Lucía Nogueira Marcos
Consello Escolar do CEIP de Quiroga	- Dona María Dolores Sánchez Durán
GDR Ribeira Sacra--Courel	- Don Julio Álvarez Núñez
Consortio de Turismo Ribeira Sacra	- Don José Luis Rivera Castro
Cruz Vermella	- Don Julio Álvarez Núñez
Pacto Territorial de Emprego de Lemos	- Don José Enríquez Álvarez
Consortio Galego de Benestar - Escola Infantil	- Dona Ana María Núñez García
Mesa do Comercio Local	- Don José Enríquez Álvarez
Asociación de Municipios do Camiño de Inverno a Santiago.	- Don José Luis Rivera Castro
Rede Dinamización Lingüística.	- Ana María Núñez García

Quiroga, 20 de xullo de 2019.- O Alcalde, Julio Álvarez Núñez

De conformidade co disposto no artigo 38 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, aprobado por Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, faise público que o Pleno do Concello de Quiroga na sesión extraordinaria celebrada o día 20.06.2019 acordou, entre outros, os acordos que na súa parte expositiva foron os seguintes:

1) Crear as seguintes Comisións Informativas:

- a. Comisión Informativa de Asuntos do Pleno.
- b. Comisión Informativa Especial de Contas, que actuará, ademais, como Comisión Informativa de Facenda con carácter permanente.
- c. Comisión Informativa Especial de Seguimento de servizos sociais, para seguimento do Servizo de Axuda ao Fogar e o Centro de Día da Ribeira.

2) As Comisións Informativas estarán compostas por:

- a. Presidente: O Alcalde, que poderá delegar a presidencia efectiva nun membro da Comisión.

b. Vogais: 3 concelleiros do Grupo Municipal do Partido Popular.

1 concelleiro do Grupo Municipal do Partido dos Socialista de Galicia - PSOE.

1 concelleiro do Bloque Nacionalista Galego (Grupo Municipal Mixto).

3) A Comisión de Delegados, seguirá rexéndose polo réxime establecido no Regulamento Orgánico da Corporación, aprobado definitivamente con data 25 de setembro do 2012.

Quiroga, 20 de xullo de 2019.- O Alcalde, Julio Álvarez Núñez

De conformidade co disposto no artigo 38 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, aprobado por Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, faise público que o Pleno do Concello de Quiroga na sesión extraordinaria celebrada o día 20.06.2019 acordou, entre outros, os acordos que na súa parte expositiva foron os seguintes:

As sesións plenarias ordinarias terán lugar o último venres dos meses pares ás 10,30 horas. No suposto de que o día sinalado coincida con festivo, non laborable ou existan razóns xustificadas, o pleno ordinario poderá celebrarse calquera día da mesma semana ou a seguinte a data sinalada, especificándose na convocatoria e na acta da sesión a expresión de "pleno substitutivo do que tería que celebrarse o ...", sen perder por elo o carácter de ordinario.

Quiroga, 20 de xullo de 2019.- O Alcalde, Julio Álvarez Núñez.

R. 2358

O VICEDO

Anuncio

Téndose aprobado definitivamente polo Pleno do Concello o expediente nº 5/19 de modificación do presuposto municipal de gastos e modificación da base de execución 17, consonte ó acordo acadado na sesión extraordinaria celebrada o día 3 de xullo de 2019, ascendendo o seu importe á cantidade de NOVENTA E CINCO MIL CUARENTA E SEIS EUROS CON OITENTA E NOVE CENTIMOS (95.046,89 euros), de conformidade co preceptuado e, en cumprimento do disposto no artigo 177.2 en relación co artigo 169.3 do Real decreto legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da lei reguladora das facendas locais, faise público que, despois de dito expediente, o resumo por capítulos do estado de gastos do devandito presuposto queda da forma seguinte:

Capítulo I, Gastos de persoal:	1.065.233,06
Capítulo II, Gastos en bens correntes e servizos:	799.249,87
Capítulo III, Gastos financeiros:	1.000,00
Capítulo IV, Transferencias correntes:	84.900,00
Capítulo V, Fondo de continxencia e outros imprevistos:	----
Capítulo VI, Investimentos reais:	855.721,48
Capítulo VII, Transferencias de capital:	----
Capítulo VIII, Activos financeiros:	----
Capítulo IX, Pasivos financeiros:	----
SUMA TOTAL	2.806.104,41

De conformidade co preceptuado no artigo 171.1 do Real decreto legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da lei reguladora das facendas locais, contra a aprobación definitiva do expediente nº 5/19 de modificación de presuposto municipal de gastos e modificación da base de execución 17 para 2019, poderase interpor directamente recurso contencioso - administrativo perante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, na forma e prazos que establecen as normas da xurisdición contencioso - administrativa.

O que se fai público para xeral coñecemento e efectos.

O Vicedo, 31 de xullo de 2019.- O Alcalde, José Jesús Novo Martínez.

R. 2379